



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE REGULA A INCORPORACIÓN VOLUNTARIA DO ALUMNADO QUE COMEZARA OS SEUS ESTUDOS CONFORME A ANTERIORES ORDENACIÓNS ÁS NOVAS ENSIANZAS DO GRAO CORRESPONDENTE Á SÚA TITULACIÓN DE ORIXE, NO CURSO ACADÉMICO 2011-2012

Con motivo da progresiva implantación das novas ensinanzas oficiais de grao e toda vez que estas coexistirán coas ensinanzas anteriores, conducentes á obtención dos títulos oficiais correspondentes á Lei de reforma universitaria, débese ter en conta que, de acordo co que establece a disposición adicional segunda do RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais: *“Os alumnos que comezasen estudos conforme a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas reguladas neste real decreto, logo da admisión da universidade correspondente de acordo co establecido neste real decreto e na normativa da propia universidade”*.

Por tanto, faise necesario establecer o procedemento de acceso ás novas ensinanzas para que aqueles alumnos e alumnas que o solicitaren teñan asegurado este dereito.

Primeiro: consulta previa á incorporación ás ensinanzas de grao desde as ensinanzas anteriores á ordenación que establece o RD 1393/2007

Ábrese un prazo especial, **desde o día 13 de xullo ao día 30 de setembro de 2011**, para que o alumnado interesado en incorporarse ás ensinanzas de grao poida consultar previamente, nas administracións dos centros ou vía web, as táboas de equivalencias entre titulacións, previstas no derradeiro parágrafo do punto 3.2 do artigo 3.º, da Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao EEES, aprobada en Consello de Goberno do 22 de maio de 2008.

Segundo: procedemento de incorporación ás ensinanzas de grao desde as ensinanzas anteriores á ordenación establecida no RD 1393/2007

1. Para axilizar os procedementos e para evitar que se multiplique a xestión académica en anos sucesivos, o alumnado interesado que así o solicitar, despois de efectuar as consultas necesarias entre as táboas de equivalencias, obterá **os recoñecementos** que procedan en cada caso para incorporarse ás ensinanzas de grao, **que se realizarán tendo en conta todos os cursos do novo plano de estudos**, coa advertencia de que a partir dese momento o seu expediente académico quedará vinculado á nova ordenación académica, sen posibilidade de volver á ordenación académica anterior, e que o dereito á matrícula estará ligado á oferta que anualmente realice a Universidade da Coruña, conforme ao plan de implantación das novas ensinanzas oficiais que estiver aprobado.

2. Para exercer este dereito as persoas interesadas cubrirán e entregarán **dentro do prazo especial indicado no punto primeiro desta resolución**, na Administración do centro en que se matriculen, o documento que consta como **Anexo I** desta resolución.
3. Unha vez entregado o documento mencionado no punto anterior, e unha vez resolto polo centro o procedemento de recoñecementos que correspondesen, os alumnos e as alumnas poderán matricularse, **ata o 17 de outubro de 2011**, por calquera das formas previstas nesta normativa.
4. Os centros deberán resolver os recoñecementos que procedan en cada caso, no expediente de cada alumno e alumna, **antes do 10 de outubro de 2011**, de forma que poida ter a opción de consulta previa do seu expediente a través de internet, ou no propio centro, para efectuar a súa matrícula.

Estes recoñecementos, para incorporación ás novas ensinanzas, realizaranse sen lles cobrar taxas ás persoas solicitantes.

A Coruña, 31 de maio de 2011

O reitor



José María Barja Pérez



ANEXO I

SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN A TITULACIÓNS DE GRAO

Curso 20.../ 20....

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome:		DNI:	Teléfono:
Enderezo (para os efectos de notificación):	CP:	Localidade:	Provincia:

DATOS ACADÉMICOS DE ORIXE:

Centro:	Titulación:	Curso:
---------	-------------	--------

- Manifesto voluntariamente o meu desexo de me incorporar ás novas ensinanzas reguladas no RD 1393/2007, do 29 de outubro, na titulación de grao en
..... ,
e son coñecedor/a de que a estimación desta solicitude implica a vinculación do meu expediente académico á nova ordenación académica regulada polo citado real decreto e, polo tanto, a imposibilidade de volver á ordenación académica anterior.
- Declaro, xa que logo, estar suficientemente informado/a da situación en que quedará o meu expediente académico tras efectuar a consulta precisa das táboas de equivalencias entre ambas as dúas ordenacións académicas.
- Declaro, así mesmo, estar informado/a de que o dereito a matrícula queda ligado á oferta académica que anualmente realice a Universidade da Coruña, conforme ao plan de implantación das novas ensinanzas oficiais que estiver aprobado.
- SOLICITO: os recoñecementos / as transferencias que correspondan ao meu expediente académico.

....., de de

Asdo.:

DECANATO/DIRECCIÓN DA FACULTADE/ESCOLA

..... DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA